

CONFERENCIA DE OTERO PEDRAYO PARA O CÍRCULO EN 1971: GONZALO LÓPEZ ABENTE (1878- 1963)

Ano tras ano desde 1963, o Círculo Mercantil de Fene celebrou o Día das Letras Galegas. Destacados galeguistas, importantes homes e mulleres da cultura e da sociedade galaica eran invitados a conferenciar nos seus locais.

En 1971, estaba programada e confirmada a asistencia ó Círculo de Fene de Ramón Otero Pedrayo, quen tiña previsto disertar sobre *Gonzalo López Abente*, ó homenaxeado ese ano a proposta da Real Academia Galega. Un pequeno problema de saúde de última hora (o escritor ourensán xa contaba con 83 anos de idade) impediulle acudir á cita, polo que enviou ó Círculo o texto manuscrito da conferencia. Foi lido, no seu nome, polo seu amigo Xosemaría Pérez Parallé.

Reproducimos o manuscrito e a súa transcripción, pois cremos que é inédito. Esta escrito en prosa poética. Nel, Otero Pedrayo fai un canto ó mar bravo de Fisterra, ó mar da Costa da morte e de Muxía, cuna de Gonzalo López Abente, a quen enxalza como poeta das palabras e dos silenzos, tan significativos nos mariñeiros. Ademais, o texto denota un Otero Pedrayo culto, con continuas referencias tanto a distintas mitoloxías, como a escritores galegos ou a clásicos grecolatinos.

A partir deste ano de 1971 e ata o seu pasamento en 1976, lazos de amizade uniron a Otero Pedrayo co Círculo de Fene, a miúdo anovados por medio dunha relación epistolar. As súas cartas son un dos tesouros do arquivo da sociedade. Hoxe, 25 anos despois da morte, o Círculo réndelle merecida homenaxe a este intelectual ourensán, patrimonio de toda Galicia, que foi membro das Irmandades da Fala, Deputado galeguista na II República, Presidente do Seminario de Estudos Galegos e da editorial Galaxia, e escritor prolífico.



Ramón Otero Pedrayo

GONZALO LOPEZ ABENTE
(1878-1963)

Encinzáronse para sempre. Seu morrer non debeu ser como os máis dos morreres.
Maxinámolo como un embareamento longamente arelado.

Seu vivir e o seu ensoar ¿quen os poidera diferenciar?- decorren entre latexares de Faros
acesos no tráxico devalare do mar das Fisterras, as demarcacións do sono da vida e o sono da
morte. Os promotoiros son alí a máis crara formulacion material, en pedra, do destino.

Cangados de sombra, de misterio e de ansiedade, alentan cansos, mais non desespranzados e
cando as pílulas e as boñas pousan na pele agurrada polos milenios aínda os pereorre a ilusión de
acoheren un mensaxe de amore, vellos, insomnes Homeridas non esquivadas do beilado levian
das fillas da Xonia.

Peito de roquedo do mundo da Céltiga, cuio eido ilustre despertíuse entre as sete fillas
do Rei Breogán. A Escocia rachada deica o corazón polo fio dos torrentes. A illa de Man,
unha dorna namorada. O Cornwall rematado en saudosos adeuses. A Irlanda “a hirmanciña
adourada que pasachelo mar” na sagra recordanza de Cabanillas. A Armórica onde se
trabucan as enciñas e as pedras en semellante anxeio de eternidade. No Portugal as videiras
agalagan os amieiros como en Nápoles, e na Galiza o mar despósase ca terra co símbolo do
anel das derradeiras pontes ondia o río gusta o primeiro grolo salgado. Todas elas tenden os
mesmos brancos e puros brazos de druidesas cara o sol alagado no gris hourizonte do mar
infindo.

Noutras riveiras agasalladas polas pánidas frutas, polo arrecender das adehcas nos
enxoiros e ardentes canles outonizos os faros alumean e consoan, avisan e din adeus ás naves
afeitas a bogare de porto en porto, dos peiraos de Sidón os de Tartessos lonxao, de Corinto a
Marsella ou a Cais. Sempre dentro do mundo profeso nas categorías descubertas e estilizadas
polos poetas devanceiros de Sócrates. Os filósofos poetas choídos nun esceario demarcado
polo Ponto Euxino, espavento da mórbida sensibilidade de Ovidio, polas frieiras do Nilo onde
para Séneca as augas debrocadas a cachón eran silenzos pros habitantes afeitos dende o
nacer ó seu bruidar, polo mar de Bretaña descontra cuia pulante e ruxidora marea din que un
Cesar de Roma mandou as tubas o signo de ataque as le-

xiós. Nas riveiras céltigas os Faros soio se corresponden o O co sol e o día morrendo máis aló dos
termos da vida as xiadas praias onde apenas envolveitas en farrapos de corpo vagan cansas e
tristeiras as ánemas dos mortos... Os faros céltigos, cal o de Breogán, alumean a esperanza e adeus
da vida e a súa lapa seitura nas augas bruantes cada noite molladas de tebras, seitura do Febo para
ofrendare nas aras da inmortalidade. Iste sentimento, non definido, tende parpadexar na conciencia
dos mariños ó se afundiren no mar, tamén ás vegadas sen orelas do sono. Anque eles pensen sempre
adurmeceren ensoando arxental. Locir de bancos de sardiñas, portos sorridentes e agasalleiros ou
folgo de casiña ceibe e curiosa baixo o ceu de estrelas tecidas como a rede mariñeira. Pouco a
pouquiño ímonos achegando á personalidade do poeta. No ollar, nos silenzos de López Abente,
percíbíase silenzos de mariñeiros. Navegou por golfos lonxanos do Norde. Saudou ó faro de
Quessant, a illa das “filles de la pluie” merecentes de acodiren mesmas barcas á romaxe da Virxe de
Muxía, conxuradas por Rosalía, como home cultivado maxinaría ó pasar diante de Guernesey o
faiscar como de lóstregos das estrofas vindicativas de Víctor Hugo. Navegou polo Báltico, ise
mediterraneo de siada azul como os ollos das princesas do norde. Os poetas bálticos e os galegos
relacionábanse noutro tempo polo comercio do liño. O ialbo de temprano dos liños de Riga faría
moi ben cas cariñas de loiros reflexos e ollar da frol dos liñares das mociñas afeitas a choutar con
lixieira de vento e engádego de foulas, polas pedras do Coído de Muxía.

Dous Faros alumean os vieiros da noite, cruzaron a néboa sutil dos sonos de Gonzalo López Abente. O da torre de Breogán, alicerzada en adeuses, verquida na clásica adicación de Hércules ou Alcides, un mito aínda sofrente de non ser interpretado como arelanza e saudade, e mais o Vilán, o pondalio Ougal nas portas cósmicas de Muxía. Si non fora por iles a noite alagaría os peiraos ledos onde a cunca de branco ten o labro dos adeuses e amolece seus ensoares e lembranzas... Si en Elsinor locira un faro como o ollar de estela faiscante do Ougal non houbera decorrido atal medoña a noite de Hamlet e o espectro do pai houbera adicado ó fillo un agalado sorrir. Os Faros fixeron posíbel io durmir nos portos e o amor, áncora ben botada no corazón da noiva mariñeira, da esposa. Siñifican a lus da concencia os Faros da noite céltiga, trunfante do Caos, mais sempre ameazada polo tumbar das foulas e as risadas satánicas do vento. Sábennos tódolos mariñeiros. Non o falan. Nos confíns da vida e a morte as verbas son poucas e o seu sentido raramente ben entendido...

Gonzalo López Abente alentou os máis dos seus días, os que contan na creación poética no mundo das fisterras, no latexar de cada unha das súas horas, dos seus silenzos e arelanzas. Sabía co seu espírito cortés cas feitura literarias e seu espírito compoñer artisticamente súas fondas vivencias da morte e o mar, do engado levián das froles da espuma e a melanconía das furnas que verquen diante do refresco do infindo e misterioso do mar a imaxe platónica da caverna do mundo onde apreixados os homes no trato de vivir mortos soio percebemos somas da verdade. Niste roteiro de pensamentos case somos obrigados a pensar a costa dos arcos fistéricos galegos como os lugares máis axeitados para seren lidos e pensados os millores diálogos platónicos. Millor do que na veciñanza do mar grego da coor dos acios ou das cabeleiras das donas tráxicas, pois nil a metáfora frolece en cada fenda do roquedo e as frautas de Aulis amolecen a dolor do sacrificio de Ifigenia. O mar de Muxia inda garda do caos acentos de unha morte esencial anterior a toda a ilusión da vida. E Platón nas súas orelas meditado descubriría quezais tráxicas vivencias, deica se tomar o Esquilo dos grandes filósofos. Na poesía, na novela poética, no epigrama, as furnas mariñas figuran acoubos do inocente e do desespranzado amor. No Dafnes e Cloe e na mesma Rosalía, e o noso López Abente. Pois poetas tamén se deixaron belidamente gandire polo feirizo helénico, polo engado Nostos portando as costas galegas os herois aqueos no retomar da Troia divina, como o Teucro, o Tydes, o Anfíloco que os renacentistas fixeron amable o balbordo caótico do mar galego e verquido o hexámecro e o iámbico seu bruar de xigante Prometeu agrilloado polo destino. Hai na noite de procelas e terribles verdas do “Romance de lobos” un pasaxe, o da furna onde se acollen con D. Xoan Manuel os mendiños, que pode ser a chave da traxedia cando Valle Inclán fai declarar a “Fuso Negro” a verdade da descendenza dos homes. Nin os crítecos e os leentes e quezais o mesmo Valle Inclán, engayolados na dioptrica e a Catoptrica da Estética, poideron descubrir a valenza trágica e humán do persoaxe e do intre da noite e a furna. Pois a traxedia primitiva, esencial, non ten coros suplicantes, espranzados, oureantes. É o home soio, dinantes dunha acordanza política, o home soio diante o mundo e diante seu abismo pascaliano, para il dous infindos polemizantes na soedade, sen ouvintes e sen ara dionisíaca, enfrentados como o cabo Ougal e o mar de Muxia.

Vémonos na precisión de aventurar unha tesis sen pretensións maxistrais, nin académicas. Nos obriga a sinceridade e mais o respecto ó poeta nestora lembrado e gabado diante e seu céltigo mar. A tesis da para nós súa interna verdade, quezais, millor de fixo non de cheo espallada na obra, pro a máis súa, a que o namoraba e espantaba, a situación lindeira do seu espírito como nestora din algúns filósofos. Por tras, e no fondo, e no abrete dos seus pensamentos, érguese un sentimento de caos antigo e súas primeiras e aínda homildes e temerosas ordenaciós. Tivo para López Abente ise privilexio mañífico e cruel. Como outros grandes poetas e como algúns ou moitos homes eleitos pola recordanza dun tempo aínda non mensurado. Non poden os versos de Safo acariñar os lombos da fera e eispresar o amor primitivo xa soio sentido polo vello Hesíodo no linguaxe das metéforas. O amor e arelanza non aínda cecais lembranza de cando as forzas do mundo eran novas e polo menos no rolar das horas da lus do día non tiñan sido

domeadas pola filosofía e a poesía, as dúas piadosas e gandideiras fadas.

Sempre tratándose do autor de “Escumas da Ribeira”, como o ecoar da foula en certas cóncavas penedías responde o nome de Pondal. Foron da mesma xinea, os mesmos paisaxes agasallaron seus enredos de neno, participaron fondamente máis do que ningún outros poetas galegos nas súas intimidás de home, e gardan e honran súas sepulturas. Nun estado e crítica de tona poética, unha irmandade ou unha descendenza entre os dous poetas é satisfactoria, e abonda. Os historiadores da Poesía —e a maior porción dos leentes déixanse levar, folgados, e agradecidos, na corrente mansa de afillamentos e inxertos— gustan de se sometere ó imperio do sentir e criterio eminentemente desenrolado na cencia natural. Nos aquecen as xenealoxías poéticas. Hai un gosto por demais “profesoral”, —case íbamos escribir “pedante” en declarar por medios intelixibles o milagro poético—. Niste intre e pensando no poeta outísimo que me fai a honra de leere istas hipótesis arriscadas, maxinamos nosos paseares de outro tempo polas beiras do mar de Niñóns, o val acougador de Branto ou a findoira elexía do Anllóns, pé da casa patrucia do poeta e do monte Branco, o reloxo de area do tempo xeolóxico e dos avatares das ialmas... Queriamos entón achegarmos as primeiras impresiós de mocino debullando as códeas do latín, ou despois vagando entre a soante pinzar de mil pombas na frolesta de pedra de Santiago...E se nos descobre o mozo, como despois o vello, poeta inmerso nas chamadas e melancolías dun mundo, é dicir de un orde, unha cultura, do ferro, lonxana, neboenta, esculpando a natureza en castros senlleiros, heroica defensora do tesouro dos seus ouros virxinais, dos seus signos de luar... Un mundo, é dicir, un orde sinxelo e simbólico e non confiado ó silencio dos sepulcros, sinón vivente como amañeceres de Bergantiños, no cantar dos pastores fero e melancóneco como as correntes xiadas e alteirosas do Lengüelle... Pondal chansou ás portas dun noso e pregalego mundo xa vencedor do caos, dono de unha interpretación, podente e sinxela do paisaxe, do decorrer do tempo, conscente das arelanzas e dos lindeiros do home, dono de unha tradición hoxe vivente como cando as lexións de Décimo Junio Bruto chegaron as orelas do río do esquecemento. O problema de López Abente é outro. O senlleiro e tráxico privilexio de escutare no mesmo paisaxe por tras dos brúidos da vida o silencio inorme, interestelar, obscuro, saturniano anterior á historia. De a sospeita do Caos antigo, na mitoloxía dos gregos o tempo dos centauros e dos xigantes aínda non domeados polas divinidades lumiosas do Olimpo. Na tradición da Biblia o momento de nudeza, friaxe e soedade da primeira paraxe após de ser guindada do Paraíso. A noite, a pedra, o mar, as nubes, maxinadas como xigantes e ciclópeos seres non rematados, movéndose sen ouxeto polo vento da fadabilidade, podentes pro servos, cuios laios porían na noite e no día grimo nos homes si non os souperan polas cadeas de ouro da razón. E no mesmo xeito as paixós como fouleadas e furads nas ialmas.

Máis diredes ¿onde na obra literaria de López Abente estoupa a foula do océano inda non obrigado a leis, berran os promoitos, petan nos vidros da casiña acougante as tebras da noite sen lindeiros? O vate de Muxía compuxo renques de sonetos non pouco obrigados o ritmo das fontes palacianas do modernismo. As paixós e caracteres das súas novelas, agás do tema prehistórico de Hipólito, decorren nun mundo sinxelo, de pequenas vilas nas que unha vida ereita pola fatalidade cruza estilo comentario ás veces. Non falla na súa pluma a defensa do labrego e do mariñeiro. Escribiu neste senso como un patricio de seu afincado no eido e no peirao, dino de gobernare e enroitare á súa xente.

Leendo con atención os poemas e as prosas, en coidado galego de López Abente sempre no envés do tecido máis ben sinxelo se sente o devalar do mar antigo e se percebe o baleiro de silencios asoballantes como as areas dun deserto infindo. Nas novelas os persoaxes móvense e axórdanse uns ós outros como esquencer un medo. Hainos, sobre todo mulleres que camiñan sempre e se moven co coidado de non enxergar o puro fondo do seu ser. Arredor das tramas sinxelas latexa sempre, apenas invocado e ben logo afastado o mar, as paixós antigas, un romor de tráxicos destinos. É para nos conformare co senso común da paisaxe. Durmido, lonxao ou tráxica presenza que se non pode

invocarse pois ela, como un dios ou un Etnia encobriría tódolos procesos e feitos da vida social. A impresión é que López Abente no fondo considera nas vilas e aldeas do mundo das Fisterras unha poboación humana terra, leda ás veces, tristeira e ata levían que un vento do mar pode espaxela como as luces e froles de papel de unha verbena.

E por elo as ama. Por elo non pode vivir lonxe das pequenas vilas mariñas co medo queza de un día se afondaren no caos. Non se decidiu endexamais a erguer nin un pouquiño o pano da súa verdadeira e inhumana realidade. E nista countura por poucos homes cheamente vivida, podemos suponer dúas decisións na existencia do poeta: ou se conformare coa febleza, unha febleza do seu arte para ensaiar o poema titánico do Caos, que unha regada ensaiado o escravizaría para sempre, ou escoller piadosamente, ilusionar seus paisáns e a si mesmo se gandar cun arte suxerente, doadamente saudoso, dominado pola que poderíamos lóxica da tenrura e beleza maina de cotián... Non é iste intre de procurar na obra de López Abente un locir, ás veces do trasfondo do mundo subxacente e prehistórico que lle é revelado. Podía ser que alguén o faga. Non xa cangados pola idade non poderíamos soste-lo enxergar da esfínx. Nunha evocación máis sabia e detida non podía fallar a lembranza de outros poetas irmáns do de Muxía no seu fatal privilexio. Acoden estrofas de Poe, de Baudelaire. Sobre os lagos enlazados as aves migradoiras para un alén imposible... E Rosalía inda que semelle estrano. A Rosalía da primeira novela de mocidade escolleita pola delor "La hija del mar" en cuas páxinas as froulas, os coídos, as almas semeilan noviñas... E xa vai sendo tempo de rematar as hipóteses, cecais ousadas, sobre o poeta que nos seus silenzos e soedás alentou nos ritmos e estrofas descoñecidos do seu poema inefable...

R.O.P.